



Pablo Troncoso
Socio Administrador
Biscuits Galicia



// Sector
Alimentario



// Localización
Vigo



// Ano de constitución
2005



// N^o empregados
30

// Descrición da empresa

Fábrica de galletas, pastas e madalenas "made in Galicia", cunha sólida presenza tanto en España como no estranxeiro. O seu proceso produtivo combina as técnicas de elaboración artesás da tradición reposteira galega coa última tecnoloxía no sector da pastelería. É por iso que as súas galletas e madalenas presentan un sabor único, suave e inconfundible, capaz de cativar o padal máis esixente.

En Biscuits Galicia elaboran a diario todo tipo de galletas e madalenas de maneira moito máis axustada á demanda, envasándoas unha vez enfeitadas, de tal forma que almacenan nos seus inventarios a cantidade xusta, o que garante sempre a súa frescura e calidade.

"O programa Re-acciona supuxo unha oportunidade de mellora e de crecemento para nós"

Pablo Troncoso. Socio Administrador de Biscuits Galicia

// Descrición do proxecto

Biscuits Galicia leva dende a súa creación medrando de forma sostida, polo que chegou un punto no que detectaron a necesidade de reorganizar a metodoloxía produtiva para adaptarse aos crecentes requirimentos de axilidade e variedade que impón o mercado. Neste sentido, viron no programa Re-acciona unha grande oportunidade para acometer estes cambios.

Xunto co axente colaborador realizaron un proxecto moi completo que abarcou aspectos fundamentais da cadea produtiva, como son, entre outros, os seguintes:

metodoloxía de almacenamento e stock de produto terminado, secuencia óptima de programación da produción, cambios na metodoloxía de compras e aprovisionamentos, eliminación de tempos improditivos e melloras de rendemento de procesos críticos.






// O resultado

A participación de Biscuits Galicia no programa Re-acciona axudoulles a repensar todos os procesos do fluxo loxístico, dende a entrega á clientela ata a compra de mercadorías.

Deste xeito, conseguiron non só gañar tempo produtivo e axilidade para responder á demanda de forma máis dinámica, senón unha reorganización do almacén que tivo como consecuencia unha liberación de espazo.

*"O servizo de mellora da
producción e a cadea
loxística supuxo unha
oportunidade moi
importante de desenvolver
un proxecto integral de
mellora da nosa planta en
colaboración con
especialistas nese ámbito"*

Pablo Troncoso
Socio Administrador de Biscuits Galicia



// Web

<https://biscuitsgalicia.es>



// Vídeo

Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.